

# ANSA·TERRA

BOLETIN DESENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.  
Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, l'50 pts.  
América, id. 2 »  
Pagos adiantados

Redaición e Administración: REGO D'AUGA, 38, 1º

Núms. 28-29

A CRUÑA 30 DE AGOSTO DE 1917

OS VELLOS E OS NOVOS

## CABANILLAS, BARCIA CABALLERO

O día 8 d'este mes, D. Xán Barcia Caballero publicou no *Eco de Santiago* unha «crónica literaria» sobor do derra deiro libro de Cabanillas *Da Terra Asoballada*, crónica que parece inspirada pola musa fúnebre d'uu desenterrado.

Toda ela, literariamente, forma un rosaio de lamentables equivocacions; emporiso, soilo d'iso se tratara i-eu non me ocuparía d'ela, porque, equivocada e todo, podia ser expresión leal do seu sentire; mais o señor Barcia no seu esquiro censura sin razón a Cabanillas, ataca sañudamente ás Irmandades da Fala, e pra iso bábase en falsedades e andrómenas, e decir, esquirbe de mala fé; e iso xa non poide pasar; con todolos respetos que o Sr. Barcia nos merece, temos de decirle que non tén direito a esquirbir d'esa maneira.

Di o Sr. Barcia: «escribo bajo una dolorosa impresión; Cabanillas, el poeta afortunado de *Vento Mareiro*, donde anidan tantos ruixeños y estallan como luminarias de fiesta tantas armonías..... ¡Cabanillas, contagiado por la peste reinante y engarzando en sus versos maldiciones y denuestos! O Sr. Barcia, «bon médico entre os literatos e bon literato entre os médicos», non queremos negarle o valimento que tén: sempre foi un crimen arrancar ilusíos; non queremos tratarlo tan despiadadamente como él trata a Cabanillas e a nosoutros; mais ocúrrenos perguntar ¿poide ise señor censurar a Cabanillas?, ¡tén direito a fixarlle orientaciós a Cabanillas que é o poeta mais grande nado en Galicia? Pra criticar a obra de Cabanillas hai que entendelo, e o señor Barcia non-o entende; Cabanillas é un poeta d'oxe, secundo de ideás outos que inspiran a sua poesía esgrevia; Barcia é un valor histórico que se sobrevive a si mesmo; esquirbe e pensa como no século pasado; pra él a finalidade suprema da poesía é a mísica, a sonoridade de palabras como canto de ruiseñol, como estalidos de lumaria. E os tempos de lumiarias fináronse, Sr. Bar-

cia; a gran virtude d'oxe está en apricar a ideas sanas e redentoras isas enerxías que vosté e os poetas da sua xeneración gastaron en lumiarias queixentas e en folkloris-

### O ESPRITO D'UN CADRO

*O público ven admirando o lenzo xenial nomeado «Comida de aldea» que Sotomayor eispón no Certame de Arte Galego, da Cruña. Sotomayor, por milagre do seu pincel, trougo á cidade o espírito rústico. Pro a xente vilega soio decítase da cér e da lus. A xente vilega detense nas apariencias, no «pintoresco...»*

*Non vai mais alá. Porque o alexamento entr'a cidade e a campía é fondo. Olla un feixe de labregos e labregas, persididos polo siñor abade que s'adivirten, bebendo, comendo... Non saben quenes son ises pobres homes. Non arreparan que son os escravos do chan galego: os órfos de cidadanía, d'insíño; os que viven por culpa de nós ó marxe da civilización. Os que non teñen pr'a sociedade mais que deberes. Xuguetes do Segredario do Auntamento; xuguetes do dono das terras que traballan e regan c'o seu suor, cen veces santo... Os que soio n'unha data do ano, cand'a festa do patrón, sétanse á mesa e mantel. Os que non teñen quen fale por iles nas Cortes. Os que gardan com'un tesouro as cántigas da terra; os que libran da morte a nosa persoalidá; os que conservan vivo e lateante o idioma galego. Os patriotas inconscentes de oxo; os que farán a gran patria do porvir: A patria rica, sin caciques nin labercos señoriteiros... Os que, ó emigrar, deixando na terra ás «viudas de vivos» fanse homes pra redimir os seus fillos...*

mos estériles. Ademais, un poeta non é un testamento, ¿onde se veu interpretar ó pé da letra un poema? Na obra de Cabanillas ferve soilo un gran amor: Galicia; e un gran ideal: a sua redenzón. Vosté non fala de nada d'iso; parouse nos detalles e non per-

cibeu o conxunto. E esa labor de crítica anatómica xá censurou maxistralmente fai pouco o tamen gran poeta Rey Soto.

Abranguible nos sería d'iste xeito quitarlle ó Sr. Barcia esa dolorosa impresión de que fala; pero coidamos que non-o lo agradería; porque, como decíamos, non esquirbe de boa fé; censura a Cabanillas e louba a *Vento Mareiro*, ¡e non sabe o Sr. Barcia que en *Vento Mareiro* e *No Deserto* están cuasé todalas poesías de loita que aparecen en *Terra Asoballada*? *Terra Asoballada* non é un libro completo, é un tomo da obra que o poeta pranea n'ese mesmo tomo, ¡non se fixou n'iso o señor Barcia?; e si se fixou ¿por qué esquirbe d'ise xeito faltando á verdade?

Sigue no seu esquiro comparando o rexionalismo co-a guerra europea, chámanos ós rexionalistas salvaxes, incultos, defensores de ideas revolucionarias, antihumanas e anticristianas; como non podía menos de sér, chámanos tamén separatistas. E todo isto xa non é merecemento de contesta; non queremos recoller ise lenguaxe; voamos mais outo; pero tamén sabemos que é certo iso de «calumnia que algo queda» e por iso temos que facer esto público; sobor todo tendo en conta que non e a primeira vez que Barcia esquirbe d'ise xeito; ¿está enteado ise señor da nosa actuación? ¿qué ideas antihumanas e anticristianas nos oeu eisponer? De todolos irmans da fala cite un soilo que unha soila vez dixese que somos separatistas. Sendo esto así ¿por qué se nos difama faltando á verdade? Fai uns meses deuse en Santiago un mitin rexionalista; n'el falaron os principais autuantes das irmandades e todos pidiron o rexurdir galego dentro da unidade española; as nosas propagandas son evanxelistas, fondas de amor á nosa terra.

O que lle pasa ó Sr. Barcia é o fenómeno de sobrevivirse. Pertenece a uns tempos que

xa pasaron. Floreceu n'unha época en que o espírito galego estaba apagado, servilmente conforme dentro d'unha miserea mais espiritual que corporal qu'invadía a toda España. Había soidades nos campos e inda mais soidades nas almas; e unha fatal resiliación dominou ó pobo. Todo iso tiña a sua bonitura, mais unha bonitura malencónica, femenina e tristeira. Naceu Rosalía, suprema cantora d'isa época, e os demais poetas, copiando o malo da sua obra e deixando o bo fixeron unha poesía chea de queixumes e lamentos, unha poesía maina, sofrida, impotente, desesperada, com'a poesía d'un pobo escravo, como si Galicia fora un immenso camposanto sin vida nin redención posible..... N'aquel tempo tiña gran valimento Barcia Caballero.

Mais chegou a nova edade que Curros e Pondal profetizaron; Galicia xa non é a cincuenta; todo se renovou; novas xentes, novas ideas; o pobo, capacitado, quér subir ó cume dos mais adiantados; os homes queren ser cidadans; as almas non choran sinón que alentan. E os poetas d'oxe, inspirados na realidade que cambiou, xa non choran tam poco nin se queixan, sinón qu' os seus cantos son com' o eco d'un pobo forte e resolto. Cabanillas e d'iste tempo; por iso os males do pobo lle inspiran santas indignacions que bruan com' o vento, e os seus cantos son cantos de redenzón qu' erguen as

almas com'a un himno. El é o percursor da Galicia nova e libre. E isa é percisamente a sua maior groria.

Oxe non abonda con chorar; respetemos no que valen—e valen moito—á aqueles poetas: mais soilo como valores históricos; non sigamos non, as suas orientacions.

Barcia Caballero é d'aquela época morriñosa; moito será o seu valer, mais soilo histórico; literariamente morreu; o Sr. Barcia sobrevivese e non quere entendelo así; e inda que o maior dolor sexa o dolor de sobrevirarse, tamen a mais outa virtude é a de morrer a tempo. Equivocados ou con razón, nós somos d'ista edade; vosté xa pasou; non ten direito a esquivir sobor da nosa autuación, e menos sobor nós mesmos, que por riba de todolos valores temos o maior valor, o valor fecundo e doloroso como todo parto, de decir a verdade despida e sinxela. Como consello leal decímoslle, pois, que se retire. Si o non fai, as suas equivocacions d'oxe revaixaranlle o valimento d'onte, porque oxe os seus esquirtos non son mais que unha loita do tempo vello contra a novedade que se impón. E pra que no seu retiro pense con más xeito sobor nós dámossle a estudio istas perguntas: ¿qué fixo vosté pola redenzón galega? ¿qué conquireu a sua xeneración soilo con chorar?

L. PEÑA NOVO.

Compostela.

#### VERBES D'UN MESTRE

## A NOSA ESCOLA

*QUE magoa para un galego, enxebre, europeo, moderno, cando considera o estado do seu povo! O mundo enteiro parece dicirlle: «non, vos non sodes, pouco a pouco ides morrendo», il sabe que isto non é certo, que ainda latexan as vellas virtudes n'os espíritos galicos que farán unha grande Galicia; quixerá espertalas, busca a parola meiga, e n'a atopal—É que precisase mais qu'un verbe para espertar tanta y-alma asoballada, para juntar n'un apretado feixe as vontades de tanta y-alma espallada; espallada por terras e mares! O dia que aquelas esperten e éstos se junten comenzará a nosa renascenza económica e cultural—Pois; que admirable organización para o noso comercio non ofrece, a inmensidáde de compatriotas repartidos en todos os países!—Que importancia cultural non pode ter a través d'iles, Galicia, semilleiro d'homes.*

*Non esquezamos que un meio poderoso para o espertar da raza é a escola. Atún debemos pôr os nosos esforzos na creación d'unha escola galega. Como esta escola ha de corresponder á sua outísima misión non ten de limitarse á actual de, escreber, lér, e contar.—Seus fins son mais elevados!—Sua aspiración diríxese a facer germolar todo canto hay de bô na nosa raza. Surgirá d'ela novamente o vello carácter celta, audaz, forte, romántico, sen quixotismos nem baixezas, equilibrado. A escola pedímoslle a raza en*

toda sua integridade: mulleres, homes da nosa raza para loitar, para vencer n'a inmensa loita da vida. Seja logo a escola o lar da Galicia. E que todo desde o lér até o insino mais alto fágase pensando que o saber soio val cando é saber para a vida, e lembrándonos da nosa raza e dos seus fins n'a humanidade.

*Falei de loita. Mais o home non loita con vaguedades. Precisa d'unha profesión que é o instrumento da loita da vida. Entón, o problema que temos de estudar é o da formación profesional en relación c'a escola. Naturalmente que as profesions que agora interesan-nos son as dos chamados artesans e a de comerciante (as outras son causa d'os institutos superiores d'educazón). Temos de intentar pois, facer na escola canto se poida, seguindo n'isto os países extraneiros mais adiantados, pola formación d'as costureiras, d'as cociñeiras, d'os canteiros, ferreiros, labregos (sempre falo d'homes e mulleres!) e oficios somellantes. Cando isto se realize non irán nosos probes emigrantes en notoria inferioridade, sen agarimo, a terras desconecidas a sofrir males e dôres pola incuria d'os nosos desleigados gobernantes!—Mais, para conseguir o que nos propomos teremos que ampliar as escolas primarias e ter clases profesionaes.*

*A lingua galega, c'o espírito galego, debe penetrar n'a escola e levalo aló envolveito n'o*

*seu seio. Non queremos sómente que se insine n'o noso language por ser o noso. Hay para iso tamén outros motivos. Non é absurdo que hoje n'as escolas rurales e n'as mais das vilas falen os mestres ós discípulos en castelao, onde as rapaciñas e os rapaciños coñéce-no, si o coñecen, fomo unha lingua extranjeira!—Isto é o mesmo que insinar na Castela en portugués ou en catalao. A mais singela pedagogía dinos que o mestre a de chegar c'as suas palabras ó fondo d'a y-alma d'o nenq. E como poderen chegar con verbos extraneiros é incomprendidos?—Ainda existe outra razón para levar ó galego á escola. O porvir económico da Galicia (o que me refiro debe ja parte do seu benestar) e o porvir cultural, depende da sua estructura bilingüe. O galego ábrelle o mundo portugués, o castelao o mundo español. Volver pola galego é aumentar o horizonte da nosa actividade universal!—O galego ten de traer consigo á escola os nosos poetas vellos e novos; entre os derradeiros á profetiza da raza Rosalia Castro. Veñan iles quentear con sagro amore da terra, os corazóns dos nosos pequenos!*

*Quixerá eu ainda que a escola fixese mais. Quixerá ver n'ela o centro cultural dos campos e d'as pequenas vilas. N'ela deben fonderse bibliotecas, n'o posible circulantes, n'ela deben organizarse conferencias sobre os problemas do momento, agrícolas e económicos. O mestre debe ser o conselleiro en todas aquelas cuestions d'os galegos como cidadans, como agricultores e como comerciantes, sen têr agora contra da influenza que ten de exercer no sentido do refinamento humano.*

*Os que isto cobizamos temos de facer d'os mestres unha aristocracia do país. Temos de erguer a sua situación económica aumentándolos os noxentos haberes que hoje lles dan como unha esmola. Que o mestre teña cantos meios económicos precise para levar unha vida ideal, para eligir a su carreira por amor!!—Mais si erguemos a sua posición económica temos que erguer tamén a sua formación pedagógica e cultural. Deben formarse para isto, os mestres na facultade (a crear!) de Filosofía da Universidade, organizando n'ela estudos pedagógicos, en sustitución d'as Normas d'as que ja até os políticos da instrucción (?) públicos declaran a inutilidade relativa. Ao ir os mestres a facultade de Filosofía hacharian n'ela un traballo sólido, un horizonte amplio, e se farta a obrá de justiza de igualalos c'os mestres secundarios e universitarios.*

*Dous parolas para rematar, sobre os edificios escolares. A nosa arquitectura galega vaise perdendo rápidamente. No seu canto énchese o pais d'edificios feios sen carácter. Una maneira de conservala e desenvolvela sería declarala obrigatoria para os edificios escolares, que chegarían a ser modelos arquitectónicos (1). — S. V. VIQUEIRA.*

1) A ortografía que emprego n'os meus traballos admítina—respectando inmensamente ós que non a usan—polos seguintes motivos: a) é a antiga ortografía galega, b) somella moiísimo a portuguesa e facilita pois o aumento de leitores, c) coincide c'as das outras línguas latinas, d) é etimológica, e) foi defendida e empregada n'as suas publicacions, por Antonio de la Iglesia no século XIX, f) pode ser base para a reforma da fonética galega hoje tan castelanizada.

## AUTO DE XUSTICIA


*Lembranza de Víctor Said Armesto*

Fai poucas datas, como puideron decataránse moitos dos nosos leitores polas reseñas dos xornás, celebrou a «Irmandade da Fala» da Cruña unha vela necrolóxica de lembranza a Said Armesto, con motivo de cumplírese o coarto ano da sua morte.

O auto, moi solene e sinxelo, tivo efecto no local da Academia Galega. Asistiron a il moitos irmáns. O Bispo de Tuy, Dr. Lago González, disculpou a sua asistencia n'unha formosa carta escrita no noso idioma que foi coroada por quentes aplausos. N'ela había gananzas sinceiras pr'a labore das «Irmandades».

Pronunciou un pequeno discurso Antonio Vilar Ponte. Logo falou o culto segredario da Academia Galega Sr. Carré Aldao. Léronse despois unhas coartillas do erudito académico D. Florencio Vaamonde. Estudou o notabre polígrafo D. Francisco Tettamancy a obra gloriosa de Said Armesto, deténdose n'especial na *Lenda de Don Xan*. Iste traballo que axiña publicarase n'un folleto, encheu d'entusiasmo os ouventes. O Sr. Tettamancy ô ficar a leitura, choraba, doéndose da morte do insine escritor pontevedrés, do pobre Víctor, unha das glorias mais fortes de Galicia.

Pechou o auto c'un discurso baril, Antonio Valcárcel. Mostróusenos orador de xeito moderno. Home dono do apóstrofe, do pensamento rexo, da forma galana, que promete sere no porvir o verdadeiro «leader» indiscutible da santa caosa da redención gallega.



## SEMENTADORES DO ENXEBRISMO

**“TOXOS E FROLES”**

Iste coro enxebre, é merecente das mais cordiás loubas. Se non falamos d'il moitas veces, non é porque deixemos d'admiralo; é porque levamos sua lembranza acesa no mais fondo da nosa y-alma, parecéndonos tan noso, cal si fose alongación de nos mesmos. Pro seguimos seus trunfos con outa e garimosa atención. Ali onde conquire un loureiro, é leva conqueridos moitos, ali están nosas mans en espírito apraudindoo.

*Toxos e froles* fixo unha festa enxebre, unha romaxe galega o 12 do mes que fina, no Souto de San Antón da Cabana, do Ferrol, que engayolou a todos.

N'ila non fallou nada. Nin alboradas, nin bailes, nin concurso de cegos e traxes re-

xionás, nin cabezós, nin cántigas, nin regueifas, nin foguetes, nin municacos de pólvora, nin porgramas redaitados no idioma da terra.

Ferrol enteiro gabou, con fondo entusiasmo, ô seu querido coro, que cada día faise mais popular e mais perfeito.

Eisf lle choven contratas. Eisf tan asina vai a Ourense, com'a Compostela; a Vigo, a Ortigueira, a Villalba... Porque a sua soa e xusta. Porque é unha das mais sempáticas e notabres instituciós musicás de Galicia.

Rapaces de *Toxos e froles*, unha aperta, aperta d'irmáns e un berro cheo d'amore: jadiante!

## UN FOLLETO

O traballo lido pol-o noso amigo, é de qu'é autor, Francisco Tettamancy, adicado ó homenaxe que a Irmandade celebró, honrando a memoria de Víctor Said Armesto, e de que nos ocupamos n-outro lugar d'iste número, será emprentado moi logo, facéndose unha pequena tirada fora de venta, que será regalada entre varios dos amigos mais sinificados. Levará un prólogo do ilustre Murguía.



## NO SERÁN

## I

Era en Portosíño, à tarde;  
estaba pôndose o Sol;  
d'unhas badaladas tristes  
escoitábase o rumor.  
Era ô serán, seranciño.  
Propicio para a emoción  
o corazón latexaba:  
¡hora de soños de amor!

## II

Corría un ventiño leste  
que leva en popa pr'o Son;  
brancas velas de traínas  
iban dobrando o Aguión  
ou perdíanse, lonxicuas,  
do mar na vasta extensión.

## III

Era ô serán, seranciño.  
Cando sentín a emoción,  
os ollos cheos de bágoas,  
latexante o corazón,  
pensando no amor dos soños,  
pensando n'aquel amor...

CÁNDIDO ROIG ROURA.

Inaugurouse a Eisposición d'Arte Galego, no Pazo municipal da Cruña. Foi un auto solene, persidido pol-a condesa de Pardo Bazán, en troques, pr'a nosa fortua, do ministro d'Instrucción púbrica,

Señor X.

A Eisposición é un éisito pr'ós seus organizadores, Sotomayor, Llorens, Palacios, Seijo Rubio e Castillo. Parezanos trascendente, porque amostra a realidade d'unha escola galega de pintura. Parezanos a cousa mais importante, no senso artístico, que endexamais fixose en Galicia. Falaremos d'ela.

# DOUS RAPOSOS

Por RAMON CABANILLAS

## I

A noite é noite de lúa  
alta e crara.

Pasenío,  
por un ruleiro da veiga,  
antre dous tallóns de millo,  
cásque a rastro, o raposo  
ven andando de escudriño,  
cos pelos do lombo tesos,  
o longo rabo caído,  
guíchal-as finas orellas,  
arrepíado o fuciño,  
yos ollos saltóns, brillantes  
como pelouros de vidro.

O chegar rente da horta  
saltando o valo d-un brinco  
cai sobra meda de estrume  
dentro da eira.

De pillow,  
déixase quedar deitado  
por medo de si o sentiron.

Pasa un bon anaco.

Vendo  
que o curral está tranquío  
érguese pouquinho a pouco;  
outea torcendo o bico  
cara a palleira en que o cuchío  
sonea como un bendito;  
agachándose, lixeiro  
mais que unha anguía no río,  
vai dereito á capoeira;  
capitán en ladrozos,  
fai xiral-o tarabelo,  
con tal xeito e tal avío  
que millor non-o moverá  
o carpinteiro que o fixo,  
y-abre a porta; mete o corpo;  
dá unha volta de sarillo;  
bótall-a pouta á galifa  
mais a man, que non dá un chío;  
chántalle os dentes no papo;  
rube á meda; dá outro brinco  
e, co-ela na boca, pega  
a correr pol-o camiño,

## II

Polo camiño,—háivos cousas  
que nin que o demo ande solto!—  
n-aquel mesmo punto e hora,  
a modiño, un pé trás d-outro,  
rente do veiral por conta  
do trouqueleo dos zocos,  
fuxindo da craridade  
como si fixera un roubo,

viña Frangullas, o fillo  
do siñor Manoel do Corgo,  
co-a moina a todo estirar  
encasquetada hastr-oos ollos,  
longa bufanda de frescos  
ó rededor do pescozo,  
a chaqueta abotonada  
e na man un pau de toxo.

Frangullas que era un foguete,  
pois de contra de ser mozo  
tiña o pelexo do demo  
y-a mala idea dos coxos,  
sentindo fervel-a sangue,  
cando véu vil-o raposo  
prantouse d-un pulo en médeo  
da vereda, feito un tolo,  
co-as pernas escarranchadas  
y-o pau erguido, dispôsto  
a atallalo e si cadraba  
botarlle fora os miolos.

Mais, n-esto, non séi que xuncras  
lle fixo volver do acordo  
que tornando a toda presa  
ó escuro veiral, deixó uno  
fuxir co-a pita antr-oos dentes  
rosmando cheo d-enoxo:  
«Si non fora pol-o que é  
fbache contar un conto».

Abaneando a cabeza  
y-o pau, contendo o resollo,  
siguéu a carón do valo,  
cada ves mais pouco a pouco,  
hastra topar c-o portelo;  
sentouse enriba d-un croyo  
y-alí quedou en axexo,  
caladiño como un morto.

Ben preparado, abofé,  
debía d-estar o choyo.  
Non pasara nin o tempo  
que leva chiscar un ollo  
cando no limpo da eira  
dibuxóuse en sombra o corpo  
d-unha rapaza, que ou era  
Carmela, a neta do Roxo,  
ou non-a había no mundo.  
Cando eu falo é que a conozo.

«Eiquí temol-a galifa»  
debéu de pensal-o mozo,  
pois erguéndose de súpeto  
guindou contrá un lado os zocos,  
y-abrindo a cancela entróu,  
saíndo da moza ó encontro.

Houbo un ¡chis! ¡chis! levianciño  
y-unha sombra mais.

A pouco,  
axuntou a lus da lúa  
os dous dibuxos n-un soyó  
que se alongou pol-a eira  
hastra perderse no fondo  
do curral, alá no escuro  
agarimo d-un alboyo.

Dimpóis, nada. Un rebulir  
de follatos... uns saloucos  
mainos e dóces... no ceo,  
a lúa que amostra os cornos!

## III

O rayal-o día, ergéuse  
da cama a nai de Carmela  
y-a berros, costume antiga,  
despertou a casa enteira.

En catro pulsos vistéuse;  
entróu na cociña a tentas,  
quitóulle a tranca á ventana,  
colléu os mistos na artesa  
e, pónelle lume ó pote,  
sayéu ó curral.

A voltas  
con angasos e restevas,  
anduvo de eiquí pra alí  
fungando como unha abella;  
entróu na corte do gando  
c-un bó brazado de herba;  
dóulle os bós-días a un vello  
que pasou frente á cancela;  
abréulle ós cochos; de novo  
berrou para que se erguera  
a xente que, pol-a conta  
non andaba muy de presa,  
e, lembrándose das pitas,  
foi dereita á capoeira.

Dóulle un salto o corazón  
cando véu a porta aberta:  
c-un ¡churras! ¡churriñas! ¡churras!  
xuntóunas ó redor d-ela  
e contóunas.... ¡Malos demos!  
¡Faltáballe a pita negral!

Carmela que está na cama  
e, por mor da noite en vela,  
donlle os hosos, cai de sono  
e ten o color da cera,  
ponse, de risa e vergonza,  
roxa com-unha cereixa  
cando oye a sua nai berrando:  
¡Rapazal! ¡Ti oyes, Carmela?  
¡Cando eu decíal... ¡Esta noite  
houbo raposo na eira!!

## PRA LÊR NA ASAMBREIA DE LUGO

## PARDOS E PARVOS

Imos a ofrecerles ós nosos leitores un capítulo d'unha novela de *costumes rexionás*, verdadeiramente exemplar ou picaresca que val por cen capítulos de *La Casa de la Troya*, tan gabada, e por tod'a novela de Xaime Solá *Anduriña*.

Será pouco literario e pol-o mesmo non virá axeitado ós gustos dos rexionalistas ortodoxos, pro ós que decátanse de que Galicia perciba mais que literatura, agradaralles, e isto abonda.

Collemos dito capítulo de *La Voz de la Liga do Ferrol*. Describese o *paisanaxe* de maneira admirabre.

—O meu ouxeto e amostrarche que onde óllase ben a política descubrindo deixa a derradeira entrana dos políticos é no campo, nos destritos rurás, porque soio n'eles vénse os fios da imensa rede na que s'atopan prisioneiros, layando sin redenzón os probres pobos, escravos da vontade dos caciques cativos, protexidos e a vez protetores do cacique gordo.

—Quizais estefías no certo.

—Andiven unha parte da provincia de Lugo, feudo *in partibus* do Sr. Besada.

—O que foi ministro e presidente do Congreso?

—O mesmo. O non vexo de que t'es. transas.

—Coma tamén manda en Pontevedra e ten un brazo en dirección a Levante...

—Iso probarache a viveza de D. Augusto; pro imos ó caso. O Sr. Besada é deputado pol-a circunscripción Villalba-Lugo e entre os varios Auntasentos da circunscripción figura o municipio de Trasparga ó que pertenece a vila de Guitiriz, úneca antre as dezaoito parroquias que forman o Aumento.

—N'haberá dúbida de que a capital d'aquil acharásé na vila.

—Velai onde doi, meu amigüño. Escoita datos e fala logo. Trasparga é unha aldea formada de catro ou médea ducia de casas de labregos, situadas antre montañas sin viñas de comunicación. Guitiriz é unha vila cunha mileira longa de habitantes, con estación do ferrocarril na liña Madri-Cruña, con gabado balneario, onde s'ouservan moitos progresos. Dend'ela á cabeza do Aumento hai sete kilómetros de xornada.

—Pois ¡qué demo fan os vecíños da vila que non acuden a Gobernación pidindo que desfagan o entorto?

—¡Es ven parvo, hol! ¡Cando viches que se traben os lobos? A un kilómetro de Trasparga e n'a orela da carretera de Madri, erguese un antigo mesón, propiedá do Segredario do Aumento e brazo derecho no destrito, do Sr. Besada. Pois, escoita. N'ise mesón están o xuzgado municipal e a casa do municipio. Dixéronme que por entram-

bos alquileres satisfácese a suma de 650 pesetas anuais. E xuez municipal o boticario D. Xesús Pardo, fillo do Segredario; suprente, Xosé Pardo, irmán do Segredario, médico Pedro Pardo, outro fillo do Segredario.

—¡Léveme Pardo... de Cela! ¡Perteñece aquil Pardo á escola do defuntiño Monteiro Ríos!

—Ti dicirás. Dezaoito concessales a que nes magoa o mouro, según meus informes, compofien o Concello, ningún da vila de Guitiriz. ¡Ai ho! Esquencíaseme: recolle iste dato: a segredaría viña dotada con 3.000 pesetas e agora aumentouse o haber de cada catro mil pesetas. ¡Non che pareze unha ganguiña!

—Unha canonxía, quererás dicire.

—Os vecíños houberon de sofrir un recargo do 5 por 100 nas cuotas do consumo.

—¡E láyanse!

—Ficaba en Guitiriz a escola de nenas á que iban mais de 150, e deixouse a vila sin a escola, pra levala onde non hai nenas que insinare.

—¡E conformáronse os da vila?

—¡Que iban facere? Recurriron a todolos resortes. Coma se non. Os xornás de Lugo e da Cruña, sabedores moitos d'eles do choyo, non quixeron rifar c'os caciques. Hai na Habana unha xuntanza de naturaes chamada «Guitiriz y su comarca», e as suas xestións fono estériles. Gracias que consiguieron pór en vixencia a antiga R. O. que declaraba vila a Guitiriz, pobo que polo seu progresivo adianto é merecente de que se ll'atenda. Gracias que «Guitiriz y su comarca» xuntou xa 2.500 pesos ouro pra un edificio-escola.

—De maneira que o Segredario de Trasparga conta c'a protección do Sr. Besada e contra de Besada non hai nos Gobernos quen s'estreva. Ocúrreseme unha idea: que cando o Sr. Besada vaya á Lugo a persidir a Asamblea dos parlamentarios, vayan tamén os vecíños de Guitiriz a axionllárense ós pes do que fala da necesidade de redimírenos do cunerismo. ¡Sabes que tiñas razón por feixes ó dicire que non é en Madri senón nos destritos rurás onde téñense d'estudare ós políticos grandes, medianos e pequenos?

—Pois de casos com'o de Guitiriz estache chea Galicia. Toda Galicia e Guitiriz.»

## FALA Y-ESTÉTICA

por VICTORIANO TAIBO

**E**NDEBEN e pra sorte das letras rexionales —on nazonales galegas—qu' o mesmo dá—pol-as fragas da terra sagra sopran ventos tépidos d'arte, bon gusto e d'escrivía peitosidade, que tanta falla nos facían.

A laxe do esquezo, n'un frolicemento de galanura e bon decir, caiu pra sempre ribas vellas cousas e das formas peifocas e rudas.

Morre o astrakán e xa nos imos afacendo a fiare na roca da enxebreira, non o liño aspro y-enfouzado, cal se facía n-outrora, senón ás liñas morosas, sedeñas, que dando altor ás ideias, erguen-os pensamentos y-os sentimentos.

Morre o astrakán. Mais as malas sementes ollecen de sócato en calquer terreo y-é mester facere a cotio a roza pra vere coma s'ergue ás turmas o fume da estivada. Qu' iste é un auto de fe ateigado de galeguismo no que todos debíamos desvafal-as nosas prumas y-a nosa estética, pra incoutalos cheiros do estrume e traguere a nosa literatura o qué somentes é literario; os arrecendos sotis da vida enxebre, os pensamentos outos, as ideias afinzadas, os ulidos mansellos qu' a y-alma galega atesoura.

Deica o d' agora tñose de Galicia e das cousas galegas unha ideia baixa, cativa. E foi a literatura ca pruma esgallada da zafiedade—n-hai pra que citare ás esceucíos, que d'abondo son conocidas—a que padeceu e sufriu resñizada o andacio pezofiento de tanto esquirtore de monteira, cirolas y-estadullo.

¡A gracia enxebre! ¡O humorismo típico! Eu conezo moi poucos esquirtores certamente graciosos e que sexan merecentes d'ise nome. Os outros, ¡malpocados! non chegan a conquiril-o, e quedanose en *jrazeos*: payasos indíxenas, histriós desleigados, que, trocando o traxe de clown pol-a vestimenta enlordinada do esterqueiro, bailano a muiñeira no circo ecuestre do rueiro do siñorfo-vilengo, vafío, fofo y-achulado. ¡Canto fixeno reir ó enxebrismo podre!

Fono ises os qu' arrincano da chouza sin lume e sin pan ós nosos probes labregos pra amostralos na feira das risadas sin dor, non coma iles arelan seren, senón com'a maldade da cidá os fixo: sin fala nin pensamento, sin oxe nin mañá, valdeiros de cultura e civismo, co poroire esnaquizado.

D'aquela naceu a *jeada* coma elemento estético da nosa literatura, e tivo mais gra-

cia cando o labrego mal parolaba no idioma de Castela; pois a jota bárbara y-africana pódese tere coma letra enxebre, xa que n'hai mestros qu'a non corixan, xa que n'hai escolas galegas e pra Galicia nas que se dea o enseño da lingua que falan as cinco sestas partes do noso pobo, tolleito do entendemento e da concencia prome do *Trá-gala* castelán que resoa nas nosas escolas dendeis de fai mais de cinco séculos: que foi cando, ô perdere Galicia as libertades suas, varouse a fala e finou o pensamento ya vergonza. Y apagouse a nosa cultura, como dixo o moi sabido portugués Teófilo Braga.

A incultura dos peisanos foi e ainda é, endemal, agra aberta onde entran-los graciosos a asenllare asprezas e laceiras pro seu labore mesto.

¡Queren facere cómico o qu' é fondónísmamente tráxico!

Isa literatura mecha, aldraxante e charramangueira, finouse; y-é un deber enterral-los mortos.

A nosa fala, mais abondosa de termos e xiros esgrevios do que moitos coidan porque n-a conocen, sirve pra eispresare e verter n-ela todal-as ideias e todol-os pensamentos, todal-as verdades e todol-os sentimientos, deisd' os mais sotis e velaiños deica os mais científicos e profundos.

Coidare que soyo ten condicíos pra describil-as esmorgas e fartadelas y-enxergare contiños acedos, e coma afirmare que Galicia non pode tere, nin ten agora, un espírito que sinta e pense; e qu'a nosa terra componse d'unhas cirolas vellas, unha moca, un xaruto d'a carto e tres bagullas de gaita chorando os males de que nos mesmos somos causantes. Dicire qu'inda hai quen pensa que pra se sentir galego abóndale con berrare *jei carballeira!* ou aturuxar salvaxemente!

O noso rexionalismo non é somentes económico e político. E tamén unha custión d'estética, beleza, arte, perfección e sober de todo de cultura, de luz galega pr'o pensamento, que nos siñale a rua da libertade compreta y-europea, pra que chegue un día luminoso no qu'a vella Suevia, falando no linguaxe dos pobos libres poide dicire: Eu.

Y-a fala, a nosa fala, ten de sere, e xa comenza a sel-o de feito, o medio axeitado d'eispresión d'estes probremas. Mais requirese qu'o sexa cas parolas e cas ideas que falan ô entendemento e non ô estómago y-a risada convulsiva. N-unha fala xeitosa, penirada, pulida e culta, facendo urbano o que sexa rústico, traguedo ás vilas os ars da aldea pra devolverlos dimpois envolviéto na veste albiña da cultura, coma un ben d'amore e d'enxebrismo.

A fala y-o pensamento viven axuntados por un segredo vencello d'ouro qu'a pou-

ta malfadada do centralismo tallou n-istes eidos contra as leis sagradas da Natureza.

Fagamos de novo a xuntanza, e Galicia, cal a ave mitolóxica, xurdirá das suas cinzas n-un voo glorioso, pra cantare no cravor espellante das turmas, agarimada pol-o sol varil da libertade, o hino trunfal da nova vida.

Cultival-a fala galega é cultival-o pensamento galego.

Y-os pobos de pensamento cultivado son ceibes por dereito propio.

Compostela, 1917.

#### UNHA CHAMADA AOS MESTRES

## Fagamos cibdadáns

URXE desterrare das nosas escolas a perniziosa rutina e o monótono verbalismo; hora é que nos porcatemos, si o non istamos, qu'o debere sagrado chámamos á crebar os estreitos límites do rutinarismo, a redimir nosos educandos da servidume e das pasións, á loumear sua razón e fortalecer sua alma movendo seu corazón direitamente ô grande, ô subrime; a faguer homes prácticos, capacitados cibdadáns que seipan trunfare na rifada loita pol-a eisistencia e dare días de gloria ô país qu'os veu nacer, ensiñándolles a sacrificare intereses propios en aras do ben común. Si o neno non é un *vaso valdeiro* qu'hai qu'encher—coma dixo Montaigne,—sinon un xermen fecundo qu'é perciso desenvolvere, fagamos qu'a escola sexa un meio axeitado pra iste desenvolvemento, percurando, dinantes qu'a instrucción, a educación. Falemos ô neno das leis que persiden o desarrolo e porgreso da nosa agricultura, industria e comercio; da feracidade do noso chan, de nosos montes e ríos; a necesidade d'aumentare as vías de comunicazón. Estabrezamos un paralelismo cô pasado e as reformas comenentes no futuro. Pintémoslle en vivas imáxens o prosaico, sí, mais o real da vida ansi política coma social; fagamos resaltare os diferentes pobos que, impulsados pol-o nobre afán dos seus fillos e pol-o acerto dos seus gobernantes, soborpúxannos e ocupan lugares preferente na marcha trunfal da civilizazón.

Avivemos nos seus corazóns o santo amore ô pobo en que viven, ensiñándolle as suas venerandas tradizóns, a sua historia, as nosas grandes mentalidades, os nosos héroes, os artistas e autores celebrados que cós seus estudos, seus feitos e seus traballos immortalizaron a sua patria. E si é certo qu'o idioma d'un pobo revélanos sua vida mais íntima, ¡coma proscribir da nosa escola a doce, tenra e garimosa lingua galega! Non, e mil veces non; pesi-as censuras qu'a algunas persoas meianamente ilustradas, e menos patriotas,

ouvín, en ocasións, faguer d'algúnhos mestres por toleral-o *galego* nas suas escolas. N-un verbe: porcuremos qu'o neno, dinantes qu'a *China*, pirmeiro qu'a infuencia das *manchas solares* ou a vida dos *peces de cores*... seipa, conoza i-enxerga o qu'é a vida baixo todol-os seus aspeitos na terra que pisa, no pobo en que vive, na nosa encantadora Galicia; e non esquezamos aquila famosa frase pornunciada fai anos nos Estados Unidos d'América, refirándose á ignorancia e vida xiróvaga de moitos dos seus nenos: *Si a ninguén commove a pregunta que vamos a faguer co-iles?... cícalis deserte mais intré a de que farán iles con nosco?*...

Mestres galegos, unifiquemos nosa labore, esforzémonos en fagure da nosa Galicia, da nosa desdichada España, unha nova España, rica, próspera, poderosa e felís, e fitaremos tremolare con doce satisfazón en non lonxano día o pabellón glorioso da nosa rexenerazón!

MANUEL GÓMEZ G. BARCO

(Mestre nazonal de Corme, Cruña.)

#### CONSAGRACIÓN D'UN POETA

## Eladio Rodríguez González

ISTE gran poeta, que anda sempre encolleito na sua homildá, querendo desimulare seu xeito d'artista de xenio, c'unha modestia na que s'atopan todal-as virtús cidadanas e todal-as bondás dos corazóns sinxelos, foi vítima d'un homenaxe xustíssimo, na Cruña, no que pode decirse que tomou parte toda Galicia. E foi vítima—escribimos—porque Eladio Rodríguez González non tiene fachenda, e desexaba vivire sempre inornado.

Pro a xusticia trunfou. A xusticia arrincouno do seu fogar tranquilo e levouno á praza pública. Canto val na Cruña, arredouno n'unha mañán de sol, car'o mar de Riazor, pra apraudilo, pra asinalalo a Galicia entera coma un gran poeta, com'un poeta vitorioso pol-o seu propio merecemento, ofercéndolle un xantar enxebre de dous centos comensáis, cal poucos lembranxe na ciá herculina.

Foi un dos poucos xantares organizados con verdadeiro agarimo entusiasta de que temos mentes. Foi, tamén, un auto consolador: porque Eladio Rodríguez, soio pode engayolarnos c'os seus formosos versos, mas non dare destinos.

Foi unha expresión do sentimento da xusticia que aniña na concencia dos pobos. E ô lostregueo d'ista expresión, puido decatárese toda Galicia do admirabre poeta que é o bô, o nobre, o sinxelo Eladio, desde entón consagrado, cal poucos, pol-o sufraxio universal da terra que il canta, xa fai moitos anos, con fonda inspiración garimosa. Premio a unha outa labore d'artística enxebreza.

A NOSA TERRA considera como seus os trunfos do predileuto irmán Rodríguez González o mesmo que os do notabre coro *Cántigas da Terra* que perside.

## NON RIFEMOS POR PALABRAS

*Rexionalismo e nacionalismo son a mesma cousa*

Vicente Gay, fai cinco anos, era centralista *a ou tránsito*. N'un discurso imprentado en Valladoli no ano 1912 sóbor de «O nacionalismo e o centralismo ante o imperialismo» amóstrase centralista e imperialista, chamándolle a Cambó *nihilista*, por ire iste contra da unidade política feita pol-a forza. Agora virou. Agora é nacionalista ateigado d'entusiasmo. Fala en valenciano, no seu idioma nativo, e di cousas de tanto intrés com'as seguintes:

«Unha rexión que oferce n'autualidade exemplo d'evolución somellantes a Cataluña é Valencia... Os aristócratas falaban o castelán e a maior parte da crase meia tamén; o idioma lemosín parecía haberse fuxido da ciudá pra acochárese no campo. Agora trouxeran a escea. Non fica a aitividade rexionalista no cultivo literario, ¡probes dos pobos

que non levan a mais lonxe seu rexionalismo! Os novos rexionalistas, os valencianistas, piden ferrocarris, abren escolas, restauran moimentos, fan grandes Asambleas populares, válense de romaxes pra relembrar a Historia, e... non teñen incomenente en falar o valencian, sexa onde sexa.

...Quen lembre a evolución que sofriu o rexionalismo, non soio en España, senón fora d'ila, comprenderá qué seu avance, inda arrincando d'esforzos modestos, é seguro é crecente. Moitos cretican con desdén o rexionalismo, dicindo que fai vinte anos non tiñan nin concencia da persoalidade rexional algunas rexios que hoxe amostran unha grande pretensión política. O dito é tan pobre que non resiste o mais cativo

enxámen. Polo visto istos cretinos enxerguen qué os estados de concencia colectiva han sofrido pr'a sua trasformación unha maturidade de séculos, com'os estratos da terra, e non se decatan que o noso mundo interior pode trocárse n'un instantiño. Craro é o exemplo de Bohemia, onde durante moitos anos soio tres literatos de certo nome axitaban a idea nacionalista, e d'ela dicíase, facendo bulra, que a nacionalidade checa collía baixo d'unha tella. E a nacionalidade checa xurdíu; os nobres checos, que dinantes falaban alemán, escomenzaron a falaren en checo; as oficinas públicas recibiron coma idioma oficial o checo tamén, e na escola, a lingua nai era a que falouse despois. ¡Esnaquizouse por ilo o Imperio

Lembraránse nosos leutores d'un homilde zapateiro de Compostelo que fixo un drama galego e do que fae lábamos datas atrás. Oxe ofercemos, como cousa curiosa, un anaco d'escea d'aquél drama. O autor chámase Xesús San Luis Romero.

## ACTO III

## CUADRO II. ESCENA I-A

XAUQUIN c'un pau n'a man e XANETE c'un lote amarrado n'un pau, que leva atravesado o lombo, van pol'o camiño de direita a esquerda; ó chegar carón do Cruceiro, XANETE detense e tira o lote.

XAUQUIN.—¡Cánsach'o lote?

XANETE.—Nin miaxa;

Pro... a andarela vai ser boa,  
E qu'un zoco que me magoa  
Y-o calcañar me relaxa  
Non sigurei; vou a pôr  
Os mordeguins; voste agarde.

XAUQUIN.—Cambeos axiña, qu'é tarde.

XANETE.—Decontadiño, siñor.

XANETE, guindase o chan e acupase en cambear os zocos. XAUQUIN queda un pouco ollando car'o Cruceiro; logo con voz segura:

XAUQUIN.—¡Hou til! Cruceiro d'a Rega,  
Qu'o pé d'ista encrucillada  
Focha a yalma apousentada  
De tantas xeneracions;  
Antre a brétema d'os anos  
Véxote de cote irgueito,  
Testigo mudo e direito  
De ruínas trasformacions.  
Ti, viches ista Galicia  
Forte, puxante e pregada,  
Y-hoxe mirala aldraxada  
Por un fato de ladrons;  
Ti, viches a Bergantiños  
Durmir un sono durado,  
Y-hoxe vel'o escamallado  
D'as más doces tradicions.  
Ti, viches homes bariles,  
Qu'a peito aberto, n'a guerra  
Defenderon d'ista terra  
A libertá con tesón;  
Y-hoxe ves os netos d'iles  
Cativos, enmorríñados,  
Sen xéneo, com'abafados  
Sen sangue n'o curazón.

...Onde van d'aquiles homes  
As notas de rudo alento  
Que voando en aas do vento  
Aloumifiaban en tí?  
Chamas, dilles que ritornen,  
Cruceiro, por que fai falla  
Qu'o balyordo d'a batalla  
Xa se volva a ouir eiqui...

...Símbolo d'unha xusticia  
Por un mártire redenta,  
A tua figura alenta  
N'unha omilde relixión,  
A que ves como s'apouca  
C'os empezos revirados  
Por homes desafogados,  
Que non teñen curazón...

...Cantas nais, carón de ti,  
Despediron par'a guerra  
Os seus fillos, qu'a ista terra  
Non chegaron a ritornar!  
Morreron por unha pátreia  
N'a que sempre, escravizados,  
Ilotas asoballados  
Nin poideron alentar.  
¡Hou! canto Bergantiñán,  
Fuxindo pra emigración  
A yalma y-o curazón  
Par'a loita eiqui tempraron;  
Camiño de longas terras  
C'unha vontade forte,  
Que ben poucos atoparon.  
Cantos, cantos le lembraron  
Xa n'as horas de tristura,  
Xa n'as horas de ledura,  
Xa n'as horas de pensar,  
Cantos, cantos che rezaron;  
Cantos, en terras lexanas  
¡Ay! morréronse co-as ganas  
De non poderte vicar...

...Ergueito pé do camiño  
Sempre c'os brazos abertos,

Ollal'os pasos incertos  
D'unha homanidá sen té,  
Qu' agoniada pol'a vida  
Vai; e ven, detense, e corre,  
Mais ó fin sómese e morre,  
Mentras tí, sigues de pé...

...Cando te via, Cruceiro,  
N'as noites de vendaval  
Coma s'o xéneo do mal  
C'os tens brazos espantarás,  
Coidaba ouir pé de tí  
Marmullos de soedades,  
Lembranzas d'outras edades,  
Cal se por elas cramaras.  
Cando n'as noites de lua,  
Calmuzas, d'un vrán sereo,  
Baixo a eraridá d'o ceo  
Soneabas n'o camiño,  
Paresciame estar vendo  
Mil espíritos á tua veira,  
Meigas, fadas, qu'en ringleira  
Iyan trepando amodiño...

...Hoxe, en disgracia me toca,  
Pol'as víanzas d'a vida  
Derradeira despedida  
De virche a dar, ¡ay de min!  
Voume d'eiqui, qu'e o que dixen?  
Non me vou, non, que me votan,  
Pois com a on lobo m'acotan  
Ista terra onde eu nascin.  
Voume, hastra sin a esperancia  
De xa mais volverte a ollar;  
¡Son vello pra ritornar  
S'un milagre non fai Dios!...  
El, ven sabe o fondo afán  
D'iste vello qu'a El s'entrega...  
¡Adios, Cruceiro d'a Rega!...  
¡Cruceiro d'a Rega!... ¡Adios!

Leva as mans a testa e queda inmóvil. XANETE ergueito xa, colleo d'un brazo e vaíño levando. Vanse pol'a esquerda.

austro-húngaro? Dende ise momento foi mais forte e rexia que nunca.

Unha das consecuencias d'ista guerra será a afirmación das nacionalidades, e polo mesmo o rexionalismo. Proinda hai quen repugna o nome de nacionalismos rexionás. Tal erro obedece a unha triste trabucación. Coidan algúns que a idea de nacionalidade equival á de Estado político independente, soberán e que, en consecuencia toda nacionalidade xenera separatismo. Velai o erro fondonísmo. Nacional quer dicire grupo de homes históricamente diferenciado, con bés de seu que chámase idiomas, raza, comunidade secular, sentimento d'irmadade, psicoloxía carauterística, bés espirituais, n'unha verba. A conservación de todo isto n'un estado de dereito dentro da unidade do Estado, calquera que seña sua forma de governo, é o que constituye a arela nacionálita. Agora que a organizacíon ademanistrativa que tal estado eisixe non pode ser nin centralista nin uniformista. O dereito político moderno aceita istos novos elementos e fai mais amplio o conceuto da cidadáñia, esquencendo a vella concepción atomística da sociedade.

Certo é que si os políticos fosen verdadeiramente estadistas, querse dicire, mentalidades de xeito científico, ninguén poderíase asustar d'istas manifestaciós da vida local, que son esencialmente un progreso.

Non val, pois, poñerles resistencia a istas manifestaciós da vitalidá nacional; a vida é mais forte que os privilexos e os convencionais. Non convenle o rexionalismo nin á oligarquía nin ás prácticas da organización caciúil que n'apreixa xuntanza traballan pra manter seu imperio contra da libertade nacional.

...O que pasa e que os pobos queren teren maior participación na vida local; que os dereitos que garantízalles a Constitución lles non sexan roubados nos Municipios. ¿Non se ve que o momento español carauterízase por unha organización da sociedade contra do Estado? Non pra negalo, como socede na concepción anarquista, senón pra facelo millor e liberar ós ademanistrados do imperio dos validos, dos favoritos, camarillas e oligarquías centralistas, que teñen feito d'un pobo de cidadáns unha masa de castas.

VICENTE GAY.»

**Por mor da derradeira folga xeneral non puido publicárese o número de A NOSA TERRA do día vinte. Forza maior nol-o impideu. Hoxe, damos xuntos aquil número e o da data d'agora, pidindolle ós nosos leitores que disimulen. Entrambos números foron levados á censura.**

## RISA PRA TODO O ANO

# REXIONALISMO DE MONTE PELADO

**S**i o probremo da alimentación do home en Galicia ten hoxe fondo intrés, é *pranteal mal, buscando sua solución en obter colleitas de cereáis nos montes*. Ao meu xuncio, os montes galegos que puideran dare colleitas míseras ó remate de dous ou tres anos de cultivo, moito mais rindirían esproados racionalmente na industria animal. Si os cereáis subiron de prezo moiísimo, os produtos do carneiro, do porco, da vaca e o gando cabalar, subiron tanto ou inda mais, e a sua baixa terá de sere menos súpeta e mais pasenxa que a d'aqueles. Por qué non perfeicionare a defeutuosa utilización que dos montes galegos sacan hoxe os rebaños?

Do atrasadísimo estado no que s'atopa a esprotación cabalar en Galicia pódese chegar a unha riqueza de primeiro orde, tomando coma base os pastos dos montes, un bô método de producción e o emprego de forraxes concentrados. A industria do porco, en moitos casos, pode apoyárese nos apastos públicos do monte, sóbor de todo no que afeuta á cría. Nas situaciós mais favorabres, a mesma vaca leiteira pode sacar partido do apasto dos montes durante catro ou seis meses do ano, n'especial pr'a produción do queixo. Pódese facer en pequeno algo somellante ó que faise en grande escada en Suiza e n'outros países montañosos.

...Iste porgrama non pode realizárese si non se resolven dinantes duos primordiás fautores: a produción de forraxes concentrados baratos en Galicia ó que opónense o acaparamento, o centralismo, etc., etc., e a xuntanza e a cooperación rural, que hoxe sonvos imposibres, por caosá da política, a mais cativa das pragas que ten a economía galega.

B. CALDERÓN.

Xa vedes como fala unha das primeiras autoridades da nosa terra en cuestiós agropecuarias, respondendo á parvada, que non é outra cousa, conque queren pasar por amigos de Galicia os deputados cuneiros que en Madri axuntáronse fai poucas datas, pra dar consellos ós nosos labregos, escravos d'iles.

Un bô compatriota, Fabricio Núñez, acerca d'istó e baixo o nome de *Un puñado de héroes* publicou un formoso artigo en *El Ideal Gallego* que é unha bulra sanguinifera pra ditos cuneiros.

«Inxiñárombos—di—jouh labregos gale-

gos! unha gran verdade, descubrindo ante a vosa cegueira intelectual, unha das caosas, quizais a primeira antre todas, da vosa miseria, do voso atraso, da vosa incultura, da vosa fame. Traballades pouco, segú vosos deputados; resistídevos, pregúzosos, a roturar esas terras baldías que o fisco axexa, e o usureiro e o cacique ollan con xeito paternal, somellante ó de Atila. Nada importa que a fame ronde vosos fogares pobres; que a perda da colleita do mainzo vos obrigue a erguer ó ceio os puños pechados co'a xenreira. Vosos deputados, os que non percisan respirar, nin ainda no vran, o ár do seu destrito, declaran, *urbi et orbi*, n'istes momentos tráxicos, co'a impavidex dina dos gansos sagrados do capitolio que avisaron a chegada dos bárbaros, que vosoutros jouh labregos galegos! sodes un pouco folgazás e que convén que noso suor apríquese a roturar mais terras pra honra e gloria do fisco, da usura e do cacique... ¡Poderfan conocérense os nomes d'ises admirables varós? Porque s'impón a praca lembrativa.»

*La Voz Pública*, d'Ourense, falando do mesmo asunto, di, antre outras cousas:

«Intensificación de cultivos, creación de prados, iso é ben pra dito, mas non pra dito por uns señores d'ación que teñen nas suas mans a realization dos seus desíos, senón pr'ós que soio teorizan.

¡Como van a intensificárense cultivos nin prados sin homes! ¡Como vai habere homes se non hai cartos! ¡Como vai habere cartos, onde as propiedás galegas están gravadas arbitrariamente por unhos inxustos trabucos, suxetos ó tipo d'unha simpatía que s'abrangue somente a costa da nosa dignidá e nosa cidadanía! ¡Como non vai habere caciques n'unha rexión onde o cunericismo representativo é unha institución, a úneca que enche todal-as nosas arelas parlamentarias!

Ises deputados que poñen no campo dos valores sociás a laberquería, tiñan d'estare non no Congreso, senón nos incultos campos galegos, suprindo c'o traballo de seu a falla de brazos que ali eisiste.»

Como se pode ollar, xornás das catro provincias de Galicia ríñse da pouca lacha dos deputados redentores. Van ter que inventar outra postura. Isa, do monte, saíulle torta.

## TRIBUNA LIBRE

## LEMBRANDO...

**D**IANTE d'o homenaxe que Galicia rindeu a Rosalía, homenaxe rexional xa que todal-as cidades galegas mandaron representantes ó auto d'o descubrimento d'a estátua qu'en Compostela acaba d'erguerse a aquela «santa muller, boa, indulxente, sin vanidade ni envexa algunha» eu pensei n'algo qu'é transcendentalmente funesto pra Galicia e cuio remedio o teñen nás mans, nô seu programa os organismos novos, fortes, animosos, rebeldes, sanos, que funcionan aitivamente cō nome de *Irmandades da Fala: Cruzadas de varóns xenerosos e patriotas, relixión d'homes honrados.*

N'o que pensei amargamente mentras ô pe d'a estátua de Rosalía cantaban os orfeons o Hino qu'o gran Cabanillas compuxo (e que debían aprender pra rezarlo cóm'o unha oración todol-os galegos, os nenos prencipalmente) e algunas persoalidades, destacando d'entre outras que constituían o mais granado d'a Política, Letras, Artes e Cencias, pronuncian loas n'honore de Rosalía, o qu'eu pensaba, digo, amargamente durante a soledade era que existe un pobo en Galicia pra o que a inspirada tivo todos seus cariños e predileccións todas, un pobo que adoraba n'ela porque ela verteu sóbor él, sóbor suas xentes n'especial as infotuna-

das suas xénerosidades e acesa caridade, un pobo no que compuxo suas mais ispiradas estrofas, no que viveu, chorou e morreu, no que inda vaga sua sombra querida e dende o que, finalmente, esquirbo ista crónica, o pobo de Padrón, de Iria-Flavia que a pesar de todol-o que deixó apuntado figura n'as listas de subxcripción pr'ó inonumento con 11111 pesetas!!!

¡O delito de lesos patriotismo consumouse! ¡O desaguisado está xa cometido!

Vexamos agora de pensar un pouquiño n'il pra obtener a lóxica e racional secuela que de esa manifista lección se deduce.

Soimemente catro cativos pesos dou Padrón pr'homenaxe à sua cantora. Mas non foi o pobo quen os dou—enténdase ben—foi o Aowntamento, que inda que en rigor é ante a ley e o dereito o repersentante d'o pobo a maior parte d'ás veces por hacharse comprometamente divorciado dô pensare e dô sentire, d'as necesidades e aspiracións d'aquel en vez de repersentalo ven a ser rival, algo que se hacha en franca e aberta oposición.

Así n'este caso que gloso.

Tefío pra míñ qu'as almas d'aquelas boas xentes cando souperon tal arderon en xustindinación e dixeronse:—«¡Nos non temos

nada que ver c'o que o Municipio faga. O qu'el fixo e unha vergoña intolerable!»

Tuveron que decilo á forza.

¿Cómo, n'aseuto, si o Aowntamento, n'as autuás e caducas organizáns políticas si fose o repersentante xurídico, legal dô pobo, dô que encarna sua voluntade, o que sinte con il e con il aspira e ambiciona, espírito do seu espírito, iba a contribuir con esa mequinha, exígua cantidade? O pobo houbera dado de bô grado por Rosalía, por sua rendentora o que n'houbera tido, quero decir, mais, moito mais d'ó que suas facendas lle houberán permitido xa qu'era moito o que querían á santa, maternal muller.

A toparme eu n'Iria-Flavia entón, a raíz de «a brava fazaña» d'aquel «misérable», «famento» Municipio houbera abierto unha subxcripción popular dende o'25 pesetas je xa verías, leitor, qué exemplo, qué soberbio exemplo, qué bofetada tan descomunal lle dábamos a aquel Concello de pega, xentileza de pouco mais ou menos, Concello estrano, caído v. g. d'a lúa, alcalde e concexaes de R. O., postizos, que non conocen d'pobol (jo que van a representarel) nin por consiguiente, se atoparán en boa lóxica, capacitados pra representalo.

A miña casa houberan acodido—en peregrinaxe d'agradecidos, adoradores, devotos de Rosalía—os veciños todos d'Iria, Padrón, Dodro, Lestrove, Laíño, Cesures, Herbón... c' o seu óbolo e non catro pesos sinón unha respetabre cantidade e todal-as suas ademi-

## FOLLAS NOVAS

*S*as letras galegas están de festa. Ramón Cabanillas, noso querido irmán o gran poeta da raza que leva chantada no seu mío-lo a inspiración dos escolleitos, dou á pubricida o primeiro tomo das suas poesías. Noméase Da Terra Asoballada. N'él s'atopan todal-as fortes composicións que ten feitas pra erguer a concencia colectiva do noso pobo ás outras da cidadanía. Son berros bariles, xenreiras acesas, trallazos feros, acochados en estrofas cheas de luz, armonía e sentimento. Unha obra xenial, admirabre. Obra de Cabanillas, n'unha verba. Obra d'un home que non percisa loubas. Obra d'un dos mellores poetas, non soio d'España senón da Europa latina.

Pra falar de Cabanillas hai que desbotar os adjetivos, que se cairon de tanto apricalos a calquera no mais fondo do decreto.

Da Terra Asoballada e un libro admira-bremeintemente imprentado. Somella un libro de horas. Honra ó xornal Galicia Nueva, de Villagarcía, onde se fixo. E honrao, inda

Ramón Cabanillas

## DA TERRA ASOBALLADA

(POESÍAS DA LOITA)



CIBDÁ DE AROUSA

mais, pol-a baratura do seu prezó: 1'50 pesetas.

Todol-os namorados da beleza da rima, todol-os amigos dos versos formosos, haberán de mercar pra telo na sua biblioteca, iste novo libro, galanamente enxebre, froito d'un

xenio da terra, froito do poeta galego por autonomaña.

O valimento de Cabanillas amóstrase n'él, como s'amostrará nos novos libros que prepara. Todos xuntos formarán unha colección notabre, capaz de sere adequirida inda polos que teñan poucos cartos.

O gran vate cambadés, fainos lembrar de Curros, de Rosalía, de Pondal, de Lamas, de todol-os primeiros cantores do noso rexurdimento literario. Ten algo d'aqueles. E ten ademais sua propia persoalidade, cuias ás son unha cristalina sinxeleza e unha orixinalidá de sentimento e pensamento, que conquíren pr'a admiración o azo dos leitores mais eixistentes.

Pra loubar a Cabanillas, abonda decir que publicou un novo libro. Porque un libro de Cabanillas terá de sere sempre un novo loureiro inmortal posto na coroa de gloria da patria galega.

Cabanillas e un cume de xenialidade poética. Un cume que alumea e doura o sol eterno da beleza.

raciones podríamos ofrendare n'o altare que Compostela acaba de erixir: que tal ha de sere pra os galegos o moimento.

¿Qué dirá o «postizo» Auntamento antr'o rasgo, nunca o bastante gabado, do Excmo. Sr. D. Leandro Prieto Pereira: ese ex-Maxistrado que suscribeu as 3.000 pesetas que eran mester prá conclusión da estatua?

¿Qué lles haberá parecido ós «espléndidos» siñores d'o marxe o desprendimento d'outros Auntamentos e outras Corporacións oficiaes—sin tantos motivos como a de Padrón pra facelo—pra contribuire á obra patriótica e merecida?

Boa sería o oire seu comentol

Tiña razón o noso caudillo Villar Ponte cando n'aquela xornada galeguista de Ferrol o 11 de Febreiro dicía: «Hai que facer unha política nova, unha política inédita, feita por primeira vez en galego, no noso idioma no que ainda non vos engañaron os cuneiros». Si a nos se nos dera o que pedimos: Autonomía, si os rexionalistas tivésemos o poder rexional separado do poder central en este caso concreto de que falo o Auntamento de Padrón facéndose eco dos desexos do pobo sería o pirmeiro en figurar n'homenaxe á muller que chorou n'estas suas veigas queridas, onde aquelas bágoas, inmarcesiblemente, florecerán coma rosas... aquela muller santa: corazón doente e xeneroso que foi manantial cheo de gracia pra o desvalido e pra o acongonxado.

\* \*

Indinadísimo e por sere nado n'esta terra eu protesto contra o afrentoso feito que motiva estas líñas. Unha xusta indinación move hoxe miña pruma xa que o que fixo o Auntamento de Padrón foi poñer un estima, un baldón n'as listas qu'a miña patria colmou d'hidalguía, xenerosidade e agradecemento.

ORTIZ Novo

(Bibliotecario d'a Irmandade d'a Fala de Santiago.)

Iria Flavia, Estío, MCMXVII.

## Peneirando...

*E'l Huérzano de Bembibre*—a ille non gusta o nome *Da terra asobullada* e a nos gústanos menos ainda o seu seudónimo, abofé—falando dos versos de Ramón Cabanillas di que non cré na eisistencia do caciique omnipotente; que coida isto unha andrómena e coma outra andrómena a da cincuenta galega.

O *Huérzano de Bembibre*, que fora d'isto é bô escritor, díño de loubas, vive no limbo, ou non pensa o que leva ós papés.

Con que en Galicia non hai caciquismos... Non ten que camiñar moito pra dar co'a

resposta. Sin sair da casa, pergunta no *Faro de Vigo* e lle darán razón.

Non hai caciquismo en Galicia onde non temos un soio deputado feito todo il polavountade do pobo? Non temos caciquismo en Galicia onde o pouco esprito de cidadanía das vilas e afundido e afogado polas listas das segredas rurás? Non hai caciquismo en Galicia, onde as Deputacions provincias son feitura da oligarquía rural? Que o digan Amoedo e Darse!

Home, non parve... Caciquismo, caciquismo, caciquismo e verdura. eisi se pode definir o paisaxe material e espiritual da nosa terra, n'unha síntesis pequena. Si soio temos deputados monárquicos, dos partidos de vaso e grifo por turno. Nin un independente, nin xaimista, nin repubricano, agrario ou socialista. E a concencia do país refréxase n'isto?

Que ganas de lerial! Si hai destritos nos que non se pode alentar, sin que o premita o sifón de forca e coitelo.

Galicia, cincuenta... Tamén, inda que haxa outras rexios mais pobres que ela, *Huérzano de Bembibre*. Porque Galicia ten escravizada polo centralismo sua natureza, no senso político-social e no económico. Galicia é librecambista, naturalmente. Galicia vive sacrificada n'ausoluto, na sua estructura autóctona pra que poidan vivir outras rexions, millor dito os caciques acaparadores d'otras rexios. Galicia, a rexión que mais paga ó Estado español é, na proporción, a que menos beneficios recolle. Galicia tan importante, polo sua situación xeográfica, conta con menos ferrocarris que ningún pobo d'Espanha. Galicia ten sóbor de si o imposto da fame, que dixo Rodrigo Sanz, superior ó importe da Deuda pública, soio polo derecho a comer pan...

En Galicia, derradeiramente, a vida civil non eisiste.

O torreiro do *Faro*, o *Huérzano de Bembibre*, paréz, n'ista ocasión, falar polo boca do seu padriño o Sr. Lema.

\* \* \*

Nos Xogos Frorás de *La Provincia*, de Pontevedra conquiriou a fror natural—naturalmente!—o manchego López de Haro con unha poesía *canto á muller galega*.

Xa hai motivo pra que lle fagan un desgravio, capaz de desencabuxallo, os homes da nosa terra que aldraxou na sua novela de cuio nome non queremos lembrarnos.

Como que isto ándase buscando. E logo din que cada pobo non ten o que merece.

Nosoutros non estamos conformes c'o folleto que se publicou contra do manchego. E non o estamos porque foi anónimo. O anónimo é unha cobardía. Se o nou fora, si levase un nome responsabre, entón, pensariamos d'outro xeito. E diríamos que a vio-

lencia e perferibres á mansedume carneiril. Porque a violencia, trabucada ou non, envolve pasión e a pasión é o motor da dinidá.

Protestamos, pois, contra do folleto anónimo. Mais d'isto a facerlle un desgravio ó manchego López, coma desexaban algúns xornás galegos, hai un abismo, que soio pódese salvar deixando no chán o peso da dinidá.

Facerlle un desgravio a López que lonxe de sentiré remorso polo pubricación da sua novela imbecil, riuse dende *El Dia*, de Madri das protestas galegas!

Ise desgravio soio pode ser causa d'esravos. E nós, somos, gracias a Deus, señores, con ese grande.

López veu a Galicia, como don Xan Tenorio, a rífar c'os galegos e a cantar as galegas.

\* \* \*

Polo d'agora protestaron contra da Asamblea de Besada en Lugo, o culto xornal d'aquela cidade *La Voz de la Verdad* que merece un homenaxe alí onde todo está morto pra canto non sexa axionllamento ós pés dos caciques e frivolidade; *La Voz de la Liga do Ferrol*, Fabricio Núñez no *Ideal Gallego* e outros boletis dos que esquençéusenos o nome.

O Lugo caciquil olla en Besada o redentor porque lle ten ofrecido un edificio pra Instituto. Por edificios mórrense os pobos galegos. ¿E que ll'importa un edificio á provincia?

Un edificio! Nin cen edificios, nin o maior progreso material, si falla a libertade.

E perferibres no senso europeo a libertade na pobreza que a prosperidade na esravitud.

E pra que haxa ista libertade, tense que erguer a concencia do pobo, pra que lles vire as costas ós caciques, por altos que eles sefan.

Con edificios, con muelles e carreteras inútiles, está feita a cadea da nosa escravidade.

O progreso galego, a redención galega, ha vire polo campo. E ô campo lle non importa que os novos bachilleres saian d'un edificio galano, nin que un cuartel seña trocado...

Lugo morto, Lugo morto, axiña veremos si sigues sendo, porque mereces selo, o campo d'eisperimentación cuneirista do centralismo, como dixo un día *La Idea Moderna*.

Logo veremos si Monforte tiña razón ó pedire que se lle deixase pertenecer á provincia d'Ourense.

\* \* \*

Nos tiñamos a García, o director do *Ideal Gallego* por home sabido. García, non falaba, non escribia. E atendendo ó

dito das xentes, coidámoslo persoas de miolo. Pro resultounos un pozo de cencia do xeito do persoaxe da novela de Eica de Queirós. En canto falou e escribiu... aqueloutrouna.

García, é o cursi mais outo. Nin ten estilo, nin senso de seu.

Nº *El Debate* de Madrid, fixo un artigo sóbor do rexionalismo galego, que é a mostra mais crara do valeiro do seu miolo.

Di nél que fracasou a «Solidaridá» que fracasaron as «Irmandades da Fala», que fracasou o agrarismo. Di mais: que temos un nacionalismo perigoso mal entendido e pior dixerido.

E añade que todo fracasou por inconsistencia dos directores e por falla d'espirito de sacrificio. ¡Adeus, sepultureiro!

Ollouse no seu espello, e mideu ós mais pol-a sua persoa.

Non García, cursi e parvo García, non: o que fracasou foi o *Ideal Gallego*. Porque sin timonel non hai barco que navegue. O que fracasou foi o gassetismo con caretas, o laberquismo católico rexionalista independente.

Porque os bôs católicos conocen o pano; os bôs rexionalistas tamén; e os independentes ríñse de vosté.

Pol-o demais nos dixeremos as ideias. Somos homes ergueitos. O que non dixeremos son rodas de muíño.

E xa falaremos. Que A NOSA TERRA si non «tira» tanto papel com o *Ideal Gallego*, circula e lêse moito mais. E as «Irmandades da Fala» multiprícanse, no interín...

O mesmo García, falando dos cadros que ten na Eisposición González del Blanco, di que son «algo exóticos».

¡Algo, someite. Coma que fono pintados en Tánxer.

¡Vaia un crítico!



Picorete, publicou na *Voz de Galicia* unha epístola falando do novo libro de ver-

sos de Cabanillas. É un espello de cursilería. Cursilería que conece mui ben o autor de «Da terra asoballada».

Cabanillas fixo mal adicándolle o seu libro a Picorete.

Pro seipa Picorete que Cabanillas, noso irmán, é nacionalista. Seipa tamén que Cabanillas merece, non o nome d'admirado, senón d'insigne antrós insignes. Porque é un poeta mais que galego, universal, dos poucos que hai na España.

Por certo que Picorete, contradicindose, xa que pon pol-as nubes os versos de Cabanillas—versos nacionalistas—combate ós que profesámonos nacionalismo. E fala de rexionalistas de *aluvión*. Sabemos que non vai por nos a frase. Sabemos que vai contra os que brindaron no xusto xantar feito en homenaxe a Eladio Rodríguez González.

Mas, con todo, protestamos da parvada de Picorete, do inorante autor d'un manifesto rexionalista (?) no que se pedía «con carácter permanente a libre introducción dos trigos en Galicia»...

¡Pobre Picorete! Pra nada contaron co il, e eisi saiu ben a Gran Eisposición de Arte Galego. Mientras el fracasou na sua Asambreia, como Besada na outra.

Cursi, cursi, cursi. Fíxate no que piden as Diputaciós de Baskonia. Coida tamén que nos somos pangaleguistas, pois pensamos que n'unha forte Iberia, portugueses e galegos, irmáns de raza e de lingua, faceríamos com unha media España. E oxe, cal nunca, Portugal nos chama con amore. E a economía galega percisa da portuguesa.

Mais abonda xa.



En Madrid vaise facer unha «Irmandade da Fala».

En Lugo inda non se fixo.

¡Probe Lugo, que vive de costas á sua gloriosa historia!



Picorete que felicita por telegrafo a todos os peixes gordos que estornudan en Madrid, non se lembrou dos organizadores da Eisposición de Arte Galego.

En troques, quizás felicitase a Besada, si Besada fixera a sua Asambreia.



Besada xa non vai á ciá do Sacramento polo d'agora.

Isto obríganos a retirar cousas que tiñamos feitas.

E a lembrarnos d'aquela copra que circulou polo Congreso o ano pasado:

«Nos ha dado la tostada  
el diputado por Lugo:  
ya no es González Besada  
sino González Besugo.»



Chapaprieta, o cuneiro, anda por Noya  
enchendo a andorga.

¡Viva o cuneirismo!

**Pregamos a cantos irmáns nosos e suscritores da Crúña e fora que non haxan recibido a notabre conferencia que dou D. Antón Valcárcel sóbor do «Municipio galego», e desexen tela, que a recramen na redaición d'iste boletin. Mandaráselles a volta de correio ou polo reparidor, coma regalo.**

LIT. E IMP. ROEL.—CORUÑA.

Faise cárgeno de toda  
cras de traballos grá-  
ficos, en imprenta, litogra-  
fia e fotograbado,  
ansi como sellos de  
caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGRAVADO

Teléf. 434

BARRERA, 7

A CRUÑA

### NOVO LIBRO

**Da Terra  
asoballada**  
POESÍAS  
DE  
Ramón Cabanillas



De venda en todal-as li-  
brerías e na ademanistra-  
ción d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

**FRÁBICA MECÁNICA  
DE CALZADO :-**

**ANXEL SENRA**

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

**A CRUÑA**

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**BALDOMIR**

Pórase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o

**SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicíos ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92, e Canalejas, 77

**FERROL****H. LA PALOMA**

DE

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecimiento, situado no mais céntrico d'a poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitábons, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16-BAIXO-VIGO

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

→\*←  
Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas. Lúas de grandes tamaños e grosuras. Vidros impresos e de todal-as cras. Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

**A CRUÑA****VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.  
Roxa: Federico Paternina.  
«Roxa Ollauri» especial pra familias.  
Botella sin caseo: 0'55 ptas.

**Pedidos: W. LOSADA**  
HOTEL CONTINENTAL

Os esquisitos VIÑOS do

**VALLE DE MONTERREY - Ourense**

véndense na rúa da Franxa, 41

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.

**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACIÓN REXIONAL

(2.ª EDICIÓN)


Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuicios e opiniós de Ródrido Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña.— Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á mitade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA



Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto todal-as tarxetas de visita, pois non se deixá entrar a bordo.